

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2022 pola que se modifica a Resolución do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (código de procedemento IN421W).

O 6 de outubro de 2021, a Axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos (código de procedemento IN421W), aprobados polo Real decreto 477/2021, do 29 de xuño.

O 30 de setembro de 2021 publícase no *Boletín Oficial del Estado* a Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e a Orde HFP 1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (BOE núm. 234).

O sistema ten como finalidade primordial a busca da uniformidade e a definición das reformas e investimentos, fitos e obxectivos que integran o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, regulando aspectos como a loita contra a fraude, a corrupción e a identificación dos beneficiarios últimos das axudas, así como dos contratistas e subcontratistas.

Neste sentido, a Orde HPF 1030/2021, do 29 de setembro, establece, no seu artigo 8, a obriga das entidades decisorias e executoras de incluír nas súas respectivas convocatorias de axudas unha serie de requisitos en relación coa identificación dos beneficiarios destas. O dito artigo dispón que: «Coa finalidade de dar adecuado cumprimento ao mandato establecido na letra d) do número 2 do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo



de recuperación e resiliencia, configúrase o seguinte procedemento de incorporación de información específica: (...)

d) Aceptación de cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (modelo anexo IV.B).

e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar o ámbito obxectivo de xestión (modelo IV.C) (...)».

Ademais, menciónase na orde a obriga de formalizar unha declaración de ausencia de intereses (DACI) polos beneficiarios que, dentro dos requisitos de concesión de axuda, leven a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial que poida afectar os intereses financeiros da UE (anexo III.C.1.b) ii e d) i) B).

O número 3.b) do artigo 9 da Orde 1030/2021, do 29 de setembro, sinala tamén que: «(...) Do mesmo xeito, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo de desenvolvemento a seguinte referencia “Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”».

Por outra parte, o artigo 10 da Orde 1031/2021, do 29 de setembro, establece para as entidades executoras do PRTR a obriga de achegar a información sobre a identificación do preceptor dos fondos e, entre outros datos, a data de nacemento, se é o caso.

En consecuencia, e para dar cumprimento ao establecido na devandita orde, de conformidade coas facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o título da Resolución do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector



servizos e noutros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (código de procedemento IN421W), así como o seu primeiro parágrafo, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Resolución do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento IN421W).

As axudas desta convocatoria teñen como obxectivo o desenvolvemento de enerxías renovables, concretamente o autoconsumo e o almacenamento eléctrico no sector servizos e noutros sectores produtivos. Esta convocatoria ten o seu encaixe nos programas estatais de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento, con fontes de enerxía renovable, aprobados polo Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, co obxecto de establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas, no marco dos obxectivos perseguidos polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e polo Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030. Concretamente, estas axudas encaixan nos programas 1, 2 e 3 deste real decreto».

Segundo. Modificar o artigo 6 da Resolución do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos (código de procedemento IN421W), que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación (...):

l) Declaración de compromiso, de cesión e tratamento de datos e de ausencia de conflito de intereses, en relación coa execución e actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia derivada da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, anexo VI».

Terceiro. Engadir un novo anexo VI á Resolución do 29 de setembro de 2021, que figura como anexo á presente resolución e que comprenderá cada unha das declaracións nomeadas, así como a data de nacemento do solicitante ou beneficiario.



Cuarto. Esta orde será tamén aplicable ás solicitudes de axudas que xa estivesen presentadas na súa entrada en vigor.

Para estes casos, no suposto de que se conceda a axuda, os beneficiarios deberán presentar a devandita declaración na fase de xustificación da axuda xunto co resto de documentación exixida no artigo 18 da convocatoria.

Quinto. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR SERVIZOS E NOUTROS SECTORES PRODUTIVOS	IN421W	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR PORTA
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO NATUREZA XURÍDICA DO SOLICITANTE
<input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e agrupacións de empresas ou de persoas físicas, con ou sen personalidade xurídica, que realicen unha actividade económica pola que ofrezan bens ou servizos no mercado, incluíndo: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Xestores de polígonos industriais de natureza pública ou privada <input type="checkbox"/> Empresa explotadora, arrendataria ou concesionaria de actuacións no ámbito da enerxía <input type="checkbox"/> Empresa de servizos enerxéticos ou provedor (Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro)
<input type="checkbox"/> Comunidades de enerxías renovables e comunidades cidadás de enerxía (artigo 4 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño).
<input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e outras entidades destinatarias últimas do programa incentivos 1 que desempeñen a súa actividade dentro dunha CNAE, correspondente aos grupos G, H, I, J, K, L, M, N, O, P, Q, R ou S.
<input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e outras entidades destinatarias últimas do programa incentivos 2 que desempeñen a súa actividade dentro dunha CNAE, correspondente ao grupo A01, excepto o 17, ou dentro dunha CNAE dos grupos B, C, D, E ou F. Ou entidades do sector público institucional de calquera administración pública a que se refire o artigo 2.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como as entidades ou organizacións privadas sen ánimo de lucro, sempre que, en ambos os casos, realicen algunha actividade económica pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado.
<input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e outras entidades destinatarias últimas do programa incentivos 3 que desempeñen a súa actividade dentro dunha CNAE correspondente a un dos grupos establecidos nos dous puntos anteriores.
<input type="checkbox"/> Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.



ANEXO I
 (continuación)

NO CASO DE EMPRESAS CATEGORÍA DA EMPRESA		
PEQUENA EMPRESA <input type="checkbox"/>	MEDIANA EMPRESA <input type="checkbox"/>	GRANDE EMPRESA <input type="checkbox"/>
SECTOR EMPRESARIAL (INDUSTRIAL OU SERVIZOS):		CNAE
Nº EMPREGADOS:	BALANCE XERAL ANUAL	VOLUME DE NEGOCIOS
O solicitante ten a consideración de "empresa autónoma", por non poder cualificarse como empresa asociada, nin como empresa vinculada, segundo se define no anexo I do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014 (DO L 187, do 26.6.2014). SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
NOTA: no caso de que a empresa non teña a consideración de autónoma, deberá achegar as contas e a documentación necesaria para proceder ao cálculo dos efectivos das empresas asociadas e/ou vinculadas, ou ben e se existen as contas consolidadas, onde consten os datos das citadas empresas.		

LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN PROXECTADA				
ENDEREZO DO PROXECTO (rúa, número):				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	PARROQUIA
COORDENADAS UTM X (ETRS 89):		COORDENADAS UTM Y (ETRS 89):		REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE LOCALIZA A INSTALACIÓN:

DATOS DO PROXECTO			
PROGRAMA DE INCENTIVOS	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 1	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 2	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 3
TÍTULO DO PROXECTO			
TECNOLOXÍA RENOVABLE EMPREGADA	<input type="checkbox"/> ENERXÍA FOTOVOLTAICA	<input type="checkbox"/> ENERXÍA EÓLICA	
TIPO DE INSTALACIÓN	<input type="checkbox"/> ILLADA DA REDE	<input type="checkbox"/> CONECTADA Á REDE	
TIPO DE INSTALACIÓN	<input type="checkbox"/> SEN EXCEDENTES Á REDE	<input type="checkbox"/> CON EXCEDENTES Á REDE	
SISTEMA DE INXECCIÓN CERO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	MARCA <input type="text"/>	MODELO <input type="text"/>
ALMACENAMENTO	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
CAPACIDADE (kWh) <input type="text"/>			

ACTUACIÓNS ADICIONAIS			
RETÍRASE CUBERTA DE AMIANTO?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> RETIRADA TOTAL	<input type="checkbox"/> RETIRADA PARCIAL	
	<input type="text"/> POTENCIA INSTALADA (kW)	<input type="text"/> SUPERFICIE RETIRADA AMIANTO (m ²)	
INSTALACIÓN SOBRE NOVA MARQUESIÑA?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN TOTAL	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN PARCIAL	
	<input type="text"/> POTENCIA INSTALADA (kW)	<input type="text"/> SUPERFICIE MARQUESIÑA (m ²)	
DESMANTÉLANSE INSTALACIÓNS EXISTENTES?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
AUTOCONSUMO COLECTIVO?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	

BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO E OBSERVACIÓNS

Xuntarse memoria técnica segundo as bases da convocatoria

--



ANEXO I
 (continuación)

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPAMENTOS PRINCIPAIS

PANEIS SOLARES FOTOVOLTAICOS						
NÚMERO DE PANEIS	MARCA	MODELO	TECNOLOXÍA	SUPERFICIE PANEIS (m ²)	POTENCIA PICO PANEL (W)	POTENCIA PICO TOTAL (kW)
Potencia pico total (kW)						

INVERSORES					
NÚMERO DE INVERSORES	MARCA	MODELO	POTENCIA NOMINAL UNITARIA (kW)	POTENCIA NOMINAL TOTAL (kW)	
Potencia inversores total (kW)					

AEROXERADORES					
NÚMERO AEROXERADORES	MARCA	MODELO	POTENCIA PICO AEROXERADOR (W)	POTENCIA PICO TOTAL (kW)	
Potencia pico total (kW)					

ALMACENAMIENTO										
<input type="checkbox"/> BATERÍAS		<input type="checkbox"/> OUTRO TIPO ALMACENAMIENTO								
NÚMERO DE UNIDADES	TIPO	MARCA	MODELO	Densidade enerxética por batería (wh/kg)	Peso batería (kg)	Tensión unitaria (volts)	Capacidade nominal por batería C10 (Ah)	Tensión nominal do grupo de baterías (V)	Enerxía almacenada grupo de baterías (kWh)	Potencia instalada de almacenamento (kW)
Enerxía total almacenada en baterías (kWh)										

DATOS XERACIÓN/CONSUMO ANUAL	
a) Electricidade xerada ANUAL (kWh)	<input type="text"/>
b) Consumo eléctrico ANUAL (kWh)	<input type="text"/>
Horas equivalentes	<input type="text"/>
Potencia contratada P1	<input type="text"/>
tCO ₂ evitadas	<input type="text"/>
Potencia contratada P2	<input type="text"/>
c) Enerxía autoconsumida anual (kWh)	<input type="text"/>
% autoconsumo (c/b)	<input type="text"/>
% excedentes (a-c)/a	<input type="text"/>
CUPS (identificación punto de subministración)	<input type="text"/>
Ratio (capacidade enerxía almacenada/potencia xerada)	<input type="text"/>

INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA DOS PANEIS
<input type="checkbox"/> Marquesiña
<input type="checkbox"/> Instalación sobre cuberta
<input type="checkbox"/> Instalación sobre chan
<input type="checkbox"/> Outros _____

CVE-DOG: f185szs5-ln57-z583-xd19-25x6w98eyqv8




**ANEXO I
(continuación)**

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPAMENTOS PRINCIPAIS (continuación)	
DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO SEN IVE	€
TOTAL SEN IVE	
% IVE	
ORZAMENTO TOTAL CON IVE	
RATIO DE INVERSIÓN (€/kwpico)	
EMPRESA INSTALADORA ELIXIDA:	TELÉFONO: CRITERIO DE ELECCIÓN:
ESTADO DA SOLICITUDE E CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA	
ESTADO DA SOLICITUDE	
CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA QUE PODE ASIGNARSE A ESTE PROXECTO (€)	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

- Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para os investimentos correspondentes á instalación de autoconsumo existente, no programa de incentivos 3, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Que o proxecto para o cal solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.
7. Que os investimentos para os cales solicita axuda non están iniciados.
8. Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda, e comprométese á obtención de todos os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a súa execución.




**ANEXO I
(continuación)**
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

9. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.
10. Que o solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
11. Que o solicitante non pode ser considerado unha empresa en crise en 31 de decembro de 2019, conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
12. Que non se trata dunha empresa suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declárase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
13. Que, cando se trate dunha empresa, o solicitante cumpre cos criterios de definición de microempresa, pequena, mediana ou grande empresa, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño) polo que se decláran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, e encádrase na seguinte categoría:

Categoría de PEQUENA EMPRESA (ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros).	<input type="checkbox"/>
Categoría de MEDIANA EMPRESA (ocupa máis de 50 persoas non podendo superar o límite máximo de 250 persoas, ou cuxo volume de negocios anual non é superior a 50 millóns de euros ou o balance xeral anual no superior os 43 millóns de euros).	<input type="checkbox"/>
Categoría de GRANDE EMPRESA (ocupa máis de 250 persoas, volume de negocios anual superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual superior a 43 millóns de euros).	<input type="checkbox"/>

14. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado que facilite unha posta de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
15. Acreditar que o sistema de almacenamento non está conectado á rede e forma parte da instalación de autoconsumo.
16. Contar cunha garantía mínima de 5 anos para as instalacións de almacenamento.
17. Que, para aqueles casos en que a contía da axuda non exceda os 10.000 euros, se encontra ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.



ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Declaración de compromiso, de cesión e tratamento de datos e de ausencia de conflito de intereses, en relación coa execución e actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia derivada da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, anexo VI.
- Tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, debe ter solicitado o solicitante. Cando o investimento sen IVE da actuación concreta que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario superior a 15.000 €.
- Unha oferta que avale o orzamento, cando o investimento sen IVE da actuación non sexa superior o igual a 15.000 €.

OFERTAS SOLICITADAS (deben xuntarse as ofertas)

PROVEDOR	MARCA E MODELO EQUIPAMENTO PRINCIPAL	ORZAMENTO (SEN IVE)

Empresa instaladora elixida:	Teléfono:	Criterio de elección:						
<input type="checkbox"/> Autorización para a representación anexo II-en caso de ser necesario.		<table border="1"> <tr> <th>ÓRGANO</th> <th>CÓD. PROD.</th> <th>ANO</th> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	ÓRGANO	CÓD. PROD.	ANO			
ÓRGANO	CÓD. PROD.	ANO						

Documentación adicional obrigatoria para entidades xurídicas públicas:

- Declaración responsable onde se acredite a súa adscrición, especificando se se refire á Administración xeral do Estado, á Comunidade Autónoma de Galicia ou a unha entidade local, e onde declare se desenvolve ou non actividade comercial ou mercantil.
- Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nesta convocatoria de axudas, se procede.
- Certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada ao Consello de Contas, no caso das administracións locais. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

<input type="checkbox"/> Acreditación do nomeamento do representante da entidade solicitante	<table border="1"> <tr> <th>ÓRGANO</th> <th>CÓD. PROD.</th> <th>ANO</th> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	ÓRGANO	CÓD. PROD.	ANO			
ÓRGANO	CÓD. PROD.	ANO					

Documentación adicional obrigatoria para empresas só cando non estean obrigadas a estar inscritas no Rexistro Mercantil e en calquera outro rexistro público (non é necesario no caso de que o solicitante sexa unha empresa pública):

- Documentación acreditativa da constitución da empresa.
- Documentación acreditativa da representación correspondente.
- Documento oficial en que conste o código CNAE correspondente á actividade da empresa, tal como: declaración censual, declaración de vida laboral, imposto de actividades económicas. Tamén se aceptarán os documentos en que aparezan as actividades recollidas no IAE que se correspondan coas seccións da CNAE 2009. No caso de que o solicitante non sexa unha empresa, xustificación do cumprimento da condición de beneficiario.
- Documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Documentación adicional obrigatoria para empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía

- Constancia por escrito da autorización e coñecemento por parte do titular ou titulares da instalación
- Contrato de servizos enerxéticos que recolla as cláusulas asociadas ao proxecto

Documentación adicional obrigatoria para as comunidades de enerxías renovables e comunidades cidadás de enerxía

- Documento que acredite a representación con que se actúa
- Documento que acredite a súa constitución

Documentación adicional obrigatoria para agrupación de persoas físicas e privadas sen personalidade

- Documentación que acredite a súa constitución

- Memoria técnica descritiva da actuación que se vai acometer segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal) para cada tipoloxía de proxecto, que inclúa:
 - Para instalacións de máis de 100 kW, achegarase:
 - Plan estratéxico (orixe e lugar de fabricación dos compoñentes)
 - Xustificación do principio de non causar dano significativo
 - Acreditación do cumprimento de valorización do 70 % dos residuos de construción e demolición xerados pola obra civil
 - Xustificante de rexistro da instalación no Rexistro de Instalacións Eléctricas de Baixa ou Alta Tensión, para instalacións fotovoltaica existente

<input type="checkbox"/> Documentación que acredite a representación con que se actúa	<table border="1"> <tr> <th>ÓRGANO</th> <th>CÓD. PROD.</th> <th>ANO</th> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	ÓRGANO	CÓD. PROD.	ANO			
ÓRGANO	CÓD. PROD.	ANO					

- Outra documentación adicional que o interesado considere conveniente



ANEXO I (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
Consulta dos administradores da sociedade	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Certificado de alta no imposto de actividades económicas	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE Resolución do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (código de procedemento IN421W).
--

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data




ANEXO VI
**DECLARACIÓN DE COMPROMISO, DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES
ORDE HPF/1030/2021 EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PRTR
IN421W - PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR SERVIZOS E NOUTROS SECTORES
PRODUCTIVOS**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA DE NACEMENTO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Na condición de beneficiaria ou representante da beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR, manifesta:

a) O compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para prever e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, comunicando, se é o caso, ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés *Do not significant harm*) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

b) Así mesmo, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes puntos do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia:

1. A letra d) do número 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Número 3: «Os datos persoais mencionados no número 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, número 2, e 23, número 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

c) Que na actuación obxecto da axuda solicitada o beneficiario non está incurso en ningún conflito de intereses potencial que poida ir en contra dos intereses financeiros da UE.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE				
Lugar e data	,	de	de	

Instituto Enerxético de Galicia

